



QUINTANA SINALA QUE O SUPERCOMPUTADOR *FINIS TERRAE* É SÓ O PRIMEIRO PASO PARA CONSOLIDAR O CESGA COMO UN CENTRO DE EXCELENCIA EN CIENCIA COMPUTACIONAL

- ***O seguinte paso, no que xa traballa Innovación, é dotar ao CESGA dunha nova sede, para o que se investirán 20 millóns de euros***
- ***O vicepresidente recalcou o compromiso da Xunta no ámbito da I+D+i “para facer de Galiza unha galaxia de referencia no universo da innovación”***
- ***A aposta polas políticas de I+D+i do Goberno galego materialízase en 2008 nun 138% máis de investimento que fai catro anos***

Santiago, 17 de xaneiro de 2008.- O vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, explicou hoxe que o supercomputador Finis Terrae, o supercomputador de maior memoria compartida de Europa, é só o primeiro paso dunha actuación máis ampla e ambiciosa do Goberno galego para consolidar o CESGA como un Centro de Excelencia Computacional. Un proxecto que arrancará no primeiro trimestre de 2009 e para o que está prevista a incorporación de 145 doutores ata 2012. O vicepresidente visitou este mediodía as instalacións do CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia), onde coñeceu tamén o funcionamento do Finis Terrae.

Tal e como expuxo Quintana, o seguinte paso nesta aposta para consolidar o CESGA como Centro de Excelencia Computacional será o de dotar dunha nova sede a esta entidade científica. A construción do novo edificio, que estará equipado coas máis modernas tecnoloxías, prevese para finais de 2010 e suporá un investimento de preto de 20 millóns de euros. O vicepresidente Quintana asegurou que, con esta actuación, está en xogo a proxección internacional da investigación galega, a retención e incorporación de persoal investigador de primeiro nivel e a participación de grupos de investigación galegos en redes de coñecemento global.

O vicepresidente Quintana lembrou a importancia do CESGA como unha entidade clave no ámbito da supercomputación e o cálculo científico, polo que se ten convertido nun núcleo dinamizador da investigación científica e da transferencia de coñecemento e tecnoloxía en Galiza.

Supercomputador *Finis Terrae*

Na vontade de reforzar e consolidar a posición do CESGA, dende a Consellería de Innovación realizouse un grande esforzo para que o centro dispoña dunha “tecnoloxía excepcional e única no seu xénero, o Fórmula 1 da supercomputación, o Finis Terrae”. O vicepresidente explicou que este supercomputador é xa unha realidade, é unha máquina de cálculo e almacenaxe de gran capacidade que supón que o *Finis Terrae* sexa o supercomputador de maior memoria compartida de Europa. O supercomputador está en fase de probas, co fin de ultimar todos os detalles que van permitir que, a finais de marzo, inicie o seu pleno funcionamento ao servizo da comunidade científica.



Para a súa adquisición e posta en marcha investíronse 19,4 millóns de euros, e unha vez culminado na súa totalidade, o proxecto suporá un investimento superior aos 61 millóns de euros. “Somos plenamente conscientes do paso de xigante que estamos dando con este dispositivo, tanto dende o punto de vista de capitalización tecnolóxica como do volume de coñecementos que vai xerar”.

Características Finis Terrae

O *Finis Terrae*, dende o punto de vista técnico, vai permitir responder a novos desafíos científicos dificilmente abordables ata agora, convertendo así a Galiza nun referente mundial en servizos de cálculo científico e técnico. Coa súa posta en marcha, Galiza entra ademais con forza no ranking dos países con grandes equipos informáticos en activo, xa que é o supercomputador con mellor relación memoria/capacidade de cálculo de Europa e un dos máis potentes do mundo. Grazas á instalación do novo dispositivo, o CESGA dá un salto cuantitativo e cualitativo, converténdose nun centro de referencia mundial.

Entre as características do *Finis Terrae*, o vicepresidente lembrou que vai incidir en áreas de actividade de interese estratéxico para o país, como son as ciencias do mar, a enerxía, as ciencias da vida ou o cálculo de altas prestacións. E por último, Quintana lembrou que o novo supercomputador se configura como unha infraestrutura aberta ás comunidades científica, académica e industrial, na que van xerminar proxectos punteiros en beneficio de todo o país. O vicepresidente aproveitou, polo tanto, para facer un chamamento a todos os axentes implicados para que optimicen o máximo posible este importante recurso tecnolóxico.

Outras actuacións

Xunto á consolidación do CESGA como centro de excelencia, o Goberno galego ten en marcha outras actuacións de compromiso coas políticas de I+D+i, sempre coa premisa de que “cremos que é posible innovar e facer avanzar a ciencia dende calquera punto do mundo, se hai tecnoloxías e recursos humanos de alto nivel”. Quintana asegurou ademais que Galiza ten hoxe máis razóns que nunca para ocupar un espazo favorable no escenario da I+D+i, “polo que imos seguir aproveitando todas e cada unha das oportunidades”. Reiterou ademais que todas estas actuacións son claros exemplos do sólido compromiso do Goberno galego en xeral, e da Consellería de Innovación en particular, “para facer de Galiza unha galaxia de referencia no universo da innovación”.

Outra actuación na que se traballa, tal e como afirmou Anxo Quintana, é na internacionalización dos centros existentes a través de fortes investimentos en infraestruturas científico-tecnolóxicas. Para elo, invístense 10 millóns de euros na posta en marcha do Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes no Porriño, englobado dentro do Centro Tecnolóxico de Automoción de Galiza. “Unha infraestrutura pioneira a nivel europeo dedicada de forma global á investigación no ámbito da electrónica para vehículos intelixentes”, explicou o vicepresidente.

O Goberno galego aposta tamén pola creación de centros en sectores estratéxicos para Galiza, como o recentemente constituído Centro Tecnolóxico das Telecomunicacións ou os que se porán en marcha o Centro Galego do Plástico, o Centro Tecnolóxico do Naval ou o Centro Tecnolóxico do Sector Lácteo. O fortalecemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas que están no contorno das universidades supón outra actuación para consolidar as políticas de I+D+i, unha actuación pola que se vai crear o Centro de Investigacións Biomédicas en Vigo, no que se investirán 6,6 millóns de euros para dar apoio a 200 investigadores con proxectos de biomedicina e saúde.

Compromiso coa I+D+i

O vicepresidente da Xunta indicou que dende o Goberno galego “queremos conseguir que o noso país ocupe unha posición de elite no escenario da innovación e a investigación”. Trátase de que Galiza lidere a produción de coñecemento con proxectos, tecnoloxías e capital humano nacional, para o que se está materializando esta aposta polas políticas de I+D+i mediante unha nova dirección e mediante un novo compromiso. Unha nova dirección no sentido de que a Xunta está apostando por un novo modelo produtivo para liderar o desenvolvemento, afondando nun novo patrón de crecemento que deixa de apoiarse no cemento e pasa a privilexiar variables como a investigación, a alta tecnoloxía ou o capital humano cualificado.

O novo compromiso do Goberno galego co I+D+i materialízase, tal e como explicou o vicepresidente, a través dunha política pública planificada, que conta un instrumento transversal que define as prioridades estratéxicas como é o Plan Galego de I+D+i. Quintana sinalou que a Xunta está dedicando a I+D+i en 2008 un 138% máis que fai catro anos, pasando dos 74,2 millóns de euros en 2004 aos 176,3 millóns de euros neste ano.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA VICEPRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA